

A atención do Grupo Municipal do B.N.G.:

Por medio da presente dende a C.I.G. – Sector Correos, queremos aproveitar para manifestarlles a nosa máis fonda preocupación polo novo marco legal que ven a concretar determinados aspectos do funcionamento do sector postal en certos ámbitos que a continuación desglosaremos.

Con data 20 de abril apróbase o Real Decreto 503/2007 que ven a modificar o 1829/1999 de 3 de decembro, que aprobaba nesa data o Regulamento polo que se regula a prestación dos servizos postais, en desenrolo do establecido na Lei 24/1998 de 13 de xullo do servizo postal universal e a liberalización dos servizos postais. A Directiva 97/67/CE de 15 de decembro de 1997 establece as normas comúns do sector postal no marco comunitario, velando pola accesibilidade á rede en condicións non discriminatorias e pola calidade na recollida nos puntos de acceso e a distribución no domicilio de cada persoa física ou xurídica.

Establécense na Directiva dúas excepcións, unha nas frecuencias dos envíos e outra na entrega en outras alternativas ó domicilio. E é en desenrolo desta última que o R.D. 503/2007 ven a dar unha nova redacción ós artigos 37, 45 e 47 do R.D. 1829/1999. O primeiro dunha banda establece outras modalidades de entrega en casilleiros concentrados pluridomiciliarios e buzóns rurais individuais como alternativa e excepción á entrega a domicilio, e doutra banda asigna unha penalización económica ó operador encargado do S.P.U. (Correos) de non cumprir os prazos nos parámetros establecidos, que se descontaría no seu caso da aportación pública do Estado ó custe do S.P.U.

A repercusión nos medios de comunicación limitouse a facer fincapé neste último aspecto, que en realidade é anecdótico: o Estado na actualidade aporta o 0.1 % dos ingresos do operador postal, unha cantidade simbólica, cando anos atrás aportaba máis do 30 %. Pero é a nova regulación da entrega de envíos postais en entornos especiais ou cando concorren circunstancias ou condicións excepcionais (artigo 37 do R.D.) a que nos ven a preocupar de certo.

Para evitar valoracións ou lecturas sesgadas consideramos preciso remitir unha copia literal cunha escolma do texto do R.D. 503/2007 para que se poida facer unha interpretación textual e inequívoca do mesmo.

Dende a C.I.G. queremos facer mención das consecuencias que vai traer aparelladas a aplicación deste novo marco. A redacción do R.D.

503/2007 establece que o principio de igualdade do trato que establece a norma se deba entender como unha prestación de servizo idéntico cando existen condicións comparables, polo que procede a revisar as condicións específicas da entrega de envíos postais en ámbitos nos que a baixa densidade de poboación, o illamento de fincas e casas, a evolución do número de vivendas ou o índice de uso do servizo postal poidan crear inseguridade xurídica e problemas no reparto da correspondencia.

Deste xeito ábrese unha porta á implantación dunha serie de medidas que serán tremendamente lesivas tanto para o persoal ó servizo do operador postal encargado do S.P.U. como para o usuario. E isto vai ser moito máis grave no caso de Galicia, dado que a metade dos núcleos de poboación do Estado español (máis de 30.000) están na nosa terra; o cal unido á nosa especial orografía e dispersión fai do noso reparto no ámbito rural un mundo aparte. A medida legal xa está aprobada, e mesmo semella que foi feita “a medida” para a paulatina amortización deste servizo público de xeito progresivo no rural galego, polo elevado custe que implica a prestación do S.P.U. no noso ámbito con baixos volumes de negocio e de envíos e grandes recorridos.

Por iso coidamos que a implantación deste novo tipo de modalidade de entrega non domiciliaria non só afectará á colocación deste tipo de concentracións pluridomiciliarias en mercados ou novas urbanizacións de vivendas unifamiliares. Tamén afectará ó reparto naqueles núcleos xa de antemán prexudicados pola súa dispersión, despoboación, e envellementamento. E non se pode fixar poboación a base de dismantelar servizos, dos que o Correo como vínculo de comunicación é esencial.

Se o servizo público máis valorado polos cidadáns é o postal non é por casualidade: boa parte da culpa está en que é o único servizo que chega a cada domicilio, en todos os casos. E se perdemos iso estarase tamén discriminando negativamente ós habitantes do rural con respecto ós das urbes ó non levarlle ata a súa porta tanto o correo como os produtos parapostais e financeiros prestados por Correos. Motivo polo que os Enlaces Rurais son Oficinas Auxiliares ambulantes de carácter unipersoal que prestan servizo todos os sábados do ano, e autorizados a admitir durante a súa marcha envíos postais para o seu posterior curso.

A Xefatura de Correos está xa a facer estudos a día de hoxe daquelas áreas rurais susceptibles de ser consideradas como entornos especiais en todas as Oficinas (sexan estas da entidade que sexan). Estudos que como consecuencia implicarán, en base ó menor tempo invertido nas áreas de reparto durante as tarefas dedicadas ó mesmo, a eliminación de

moitos centos de postos de traballo na nosa comunidade, sen dúbida ningunha, nos vindeiros anos.

A Lei Postal, no seu artigo 17.2 establece entre outras cousas “se esixirá, alomenos, unha recollida nos puntos de acceso que se determinen e unha entrega na dirección postal de cada persoa física ou xurídica, tódolos días laborables, e como mínimo, cinco días a semana”.

Entendemos en resumo que tanto pola perda de servizos e a grave discriminación negativa que a posta en práctica destas novas normativas conlevará para os usuarios postais no ámbito rural, como pola conseguinte amortización e perda de postos de traballo é nosa obriga poñer no seu coñecemento estas situacións. Inda se está a tempo de evitar a implantación destas medidas ou cando menos de facer que sexan o menos lesivas posibles.

Agardamos que esta información sexa de interese e que se tomen as medidas oportunas ó respecto. Quedamos á súa enteira disposición para calquera tipo de comentario ou aclaración.

En Ourense, a 29 de Outubro de 2007